

PROPOSTA DIDÁCTICA .PROGRAMA

AUXILIARES DE CONVERSA 2016/2017

AUTORÍA:COORDINADOR: **MªMercedes Gallego Delgado** (DNI:10080333P)

AUTORÍA:AUXILIAR CONVERSA : **Emily Geneva Ross** (NIE: Y4951781X)

CENTRO: CEIP CONDESA DE FENOSA

TÍTULO DA PROPOSTA: HALLOWEEN IS HERE

XUSTIFICACIÓN: Esta proposta xurdiu coa finalidade de traballar esta tradición americana e coñecer as similitudes e diferenzas entre ela e o Samaín.

NIVEL: 1º curso de Educación Primaria (aínda que esta proposta se fai extensible ó alumnado do 2º curso de Educación Primaria)

ÁREA: Lingua Estranxeira.

IDIOMA: Inglés.

TEMPORALIZACIÓN: 8 sesións (1 mes).

Foron 7 sesións de 45 minutos e a última sesión durou 90 minutos.

RECURSOS TIC UTILIZADOS:

Ordenador conectado a un canón de luz e á pizarra dixital.

Diferentes blogs e páxinas web.

Aula virtual.

Materiais audiovisuais: CDs,DVDs,USBs.

COMPETENCIAS CLAVES QUE SE TRABALLAN:

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática.

Competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Aprender a aprender

Competencia social e cívica.

OBXECTIVOS:

- 1-Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- 2-Participar activamente en interaccións da aula dirixidas ou espontáneas.
- 3-Valorar e respectar os diferentes tipos de expresión plástica.
- 4-Recoñecer e identificar dentro dun contexto o vocabulario relacionado co tema.
- 5-Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo.
- 6-Recoñecer e respectar as diferentes tradicións culturais.

CONTIDOS:

- 1-Identificación do vocabulario relacionado con Halloween: witch, cat, pumpkin, bat, ghost, monster, wolf, broomstick, vampire.
- 2-Recoñecemento da forma oral e escrita dos cores: red, yellow, orange,black,white, brown.
- 3-Repaso dos números do 1 ó 10.
- 4-Memorización dunha canción de Halloween e escenificación da mesma.
- 5-Elaboración de máscaras e disfraces con materiais de refugallo así como de diferentes adornos.
- 6-Organización e participación na festa de Halloween
- 7-Exposición de cabazas.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN:

SESIÓN 1ª.

Presentación do tema a través de “flashcards” e unha canción de Halloween para introducir o vocabulario.

Afianzamento do vocabulario novo co xogo do “bingo”.

SESIÓN 2ª:

Repaso da canción e escenificación da mesma facendo fincapé nos cores e a mímica dos diferentes personaxes da canción.

Xogo: “Who’ s who” no que por turnos cada neno vai dando pistas do tipo:”It’s orange” ata que o resto dos compañeir@s adiviña o personaxe.

Worksheet: Completan un “crossword” (encrucillado)

SESIÓN 3º:

Visualización dun DVD no que varios nen@s de nacionalidade norteamericana amosan en qué consiste a tradición de “Halloween” (xogos, elaboración de máscaras e cabazas,etc).

Elaboración dunha “mask”(máscara) sobre unha base dada pola mestra. Poden pintala e empregar diferentes materiais de refugallo para decorala (lá para o pelo, restos de afiar as pinturas para facer cicatrices, diferentes tipos de papeis ,etc).

A única condición é que a máscara ten que ser “terriblemente terrorífica” xa que a levaran na festa de Halloween.

Nesta sesión a mestra entregará ó alumnado un aviso para que lla entreguen os seus pais/nais na que se explica que , se pode ser, cada nen@ traiga ó cole unha cabaza para decorar.

SESIÓN 4º:

Faise un repaso do DVD da sesión anterior completando unha ficha na que o alumnado ten que responder a preguntas sinxelas ben cun número ou cunha palabra relacionada co tema.

A continuación se explica como é a elaboración dunha “pumpkin”(cabaza) e comézase a realizar o seu vaciado e decoración.

No caso de que algún neno ou nena non a traiga, realizaranse cabazas con material de refugallo (periódico e cola branca).

Así memso, se comezará coa elaboración de diferentes adornos para o corredor.

SESIÓN 5º

Como a elaboración da cabaza é unha actividade bastante dificultosa para o alumnado destas idades, adicariamos esta sesión por completo á decoración da mesma e ,ademais, como neste curso, a Educación Plástica tamén se da en Inglés, completariamos o traballo nalgunha das sesión adicadas a esa área.

Tamén se remataría a elaboración dos adornos

Unha vez rematadas as cabazas ,se faría unha exposición con elas que estaría no 1º andar do cole que é onde se sitúan as aulas de 1º e 2º curso de Educación Primaria.

SESIÓN 6º

Visualización dun conto de Halloween e escenificación do mesmo en grupos pequenos despois de facer unha análise comprensiva de forma oral.

SESIÓN 7ª:

Preparación da festa de Halloween revisando todo o traballo realizado polo alumnado e remate do mesmo se fose preciso (máscara,adornos)

Recordatorio dos xogos de Halloween e comprensión do mesmos.

SESIÓN 8ª.

Esta sesión é a última e é a que tivo unha duración de 90 minutos.

O venres anterior á festividade do 1 de novembro, todo o alumnado do 1º curso e do 2º curso de Educación Primaria , celebrou a festa do “Halloween” na que, se implicaron todos os membros da comunidade educativa pertencentes a eses dous cursos (alumnado, pais/nais, e mestres/-as).

Nesa festa se realizaron diferentes xogos, obradoiros e talleres polos que o alumnado iba rotando (taller de maquillaxe, photocall, carreira de sacos, morde a mazá, colócalle o nariz á cabaza, etc) gracias a colaboración tanto dos mestres/-as como dos pais/nais.

Todos os participantes acudiron disfrazados (condición imprescindible para poder asistir)

MEDIDAS DE ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NEE DE APOIO ESPECÍFICO.

Worksheets elaboradas pola mestra adaptadas ás necesidades específicas de cada neno.

Apoio no traballo en grupo dos propios compañeir@s

CRITERIOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES.

Observación directa

Cuestionarios

Diario de clase